CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Comprender o significado do vocabulario relacionado con actividades diarias, deportes e partes do día.	PE	50
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Aplicar estratexias e coñecementos previos para comprender textos sinxelos sobre a temática da unidade.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Saber como entrevistar e responder preguntas nunha entrevista.	TI	50
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Usar as ferramentas dixitais ao seu alcance para producir textos breves e sinxelos.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Participar en comunicacións orais na lingua estranxeira respectando a quenda de palabra e aos seus compañeiros e compañeiras.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Empregar estratexias de mellora na súa comunicación.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.</li> <li>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.</li> <li>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Lesson 5: life in the past	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Coñecer o significado do vocabulario relacionado coa tecnoloxía, as profesións e a vida no pasado.	PE	50
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Aplicar estratexias e coñecementos previos para comprender textos sinxelos sobre o pasado e o presente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Producir textos orais sinxelos sobre a temática da unidade.	TI	50
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Usar as ferramentas dixitais ao seu alcance para producir textos breves e sinxelos.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Usar o repertorio lingüístico adquirido na unidade.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Empregar estratexias de mellora na súa comunicación e aprendizaxe.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.</li> <li>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.</li> </ul>

### Contidos

- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
8	Lesson 6: we're going to go on holidays!	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Comprender o significado do vocabulario relativo a paisaxes, actividades de vacacións, tempo atmosférico e os puntos cardinais.	PE	50
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Comprender o significado de textos relacionados coas vacacións.		
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar un texto sobre as vacacións soñadas.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Describir fotografías de paisaxe.	TI	50
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Empregar estratexias de mellora na súa comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Manifestar gusto por relacionarse con distintas culturas e rexeitar as actitudes sustentadas sobre calquera tipo de discriminación ou reforzo de estereotipos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.</li> <li>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Este conxunto de decisións organizarán a acción educativa nas aulas de quinto e sexto e comprende aspectos tales como: a organización do tempo, os cauces de comunicación e relación coas familias xunto coa participación das mesmas, o meu papel como educadora, entre outros.

Valereime duns PRINCIPIOS METODOLÓXICOS que inspiran este proxecto e que me servirán para guiar a miña intervención ao longo do curso:

O medio empregado para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira-inglés é a platadorma EVA E-Dixgal. Os contidos serán expostos na pizarra dixital mentres se explican pola mestra que imparte a asignatura. Con posterioridade serán os nenos e nenas os que realicen diversas tarefas propostas nos

ordenadores ao longo da unidade. Son exercicios de autocorrección, é o alumno ou alumna o suxeito activo do seu propio aprendizaxe e coñecemento empregando as ferramentas tecnolóxicas ( os seus portátiles) como guía, nun proceso de ensaio-erro. Por suposto poderán facer preguntas á mestra e pedir axuda e explicacións durante a realización dos mesmos. A maiores para complementar estas tarefas pedirei que se completen outras, de xeito máis clásico, en forma de fichas que quedarán recollidas na libreta de clase.

Os controles serán por escrito, ao finalizar cada unidade. Recollerán as catro habilidades lingüísticas: listening, speaking, reading and writing. A data de control se emprazará con 5 días de antelación como é habitual na miña práctica educativa, outros cursos deixaba incluso máis días. Tanto esta data como a data de implementación da mesma quedará recollida no meu diario de clase, no planning de inglés da aula (se os titores teñen a ben permitir a súa disposición na mesma) e por suposto os alumnos deberán comprometerse a ser responsables e honestos e escribir nas súas axendas estas datas e comunicarllelas ás súas familias ou responsables inmediatamente, para que así aproveiten todo tempo de repaso dos contidos traballados previamente na aula sen procrastinar e deixalo todo para o derradeiro día. O meu consello sempre será que estuden a diario o dado na clase ese día. Tamén eu dispoirei de cinco días mínimo para poder corrixir os controis realizados e entregalos. As familias e os alumnos deben ser conscientes de que os especialistas traballamos non con un senon con moitos grupos de alumnos que poden realizar controis nas mesmas datas e require tempo cumprir correctamente coas nosas obrigacións.

A metodoloxía que empregarei será aberta e flexible, como guía e mediador do proceso de ensino-aprendizaxe. Está baseada no mundo real, cun marcado enfoque cultural, cun deseño claro e un aspecto fresco e moderno. Poñendo límites pero con sentido do humor. Sen dúbida está respaldada por uns principios metodolóxicos sólidos, e por riba de todo, é unha metodoloxía motivante para os rapaces co fin de desenrolar a súa confianza e habilidades. Centrándome naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. Esa é unha das razóns polas que ao longo do curso poderán visionar películas e vídeos educativos e realizar moitas actividades que se relacionen cos seus centros de interese.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións ou películas. Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes, por iso, este proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade, de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes. A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. Ademais inclúo na miña práctica cds de audio, vídeos de internet e películas visionadas para que se familiaricen coa lingua estranxeira de xeito ameno.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos e alumnas son os seus coñecementos previos, por este motivo adicarei unha certa cantidade de tempo ao comezo do curso para realizar as avaliacións iniciais, determinar cales son os contidos que non quedaron asimilados de cursos anteriores, e que considero son necesarios para un correcto desenvolvemento do curso actual e para a explicación e repaso dos mesmos.

O alumno é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor. A nosa intervención debe ser activa e reflexiva, axustada ao nivel que mostra o alumno, axudar o individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos, proporcionar feed-back, contextualizar as actividades e dar significados comprensíbeis para o alumno, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro. É importante considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Estes erros corríxanse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o meu proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran.

Toda a práctica irá orientada ademais a que os nenos sexan competentes e autónomos, polo que a diario fomentarei a súa responsabilidade e autonomía. Esa é unha das razóns pola que os nenos deben ser responsables dos seus materiais de traballo: portátiles (sempre deben estar previamente cargados e traelos á clase), libretas, fichas e demais ferramentas, nos que fomentarei a autocorrección na medida do posible. Os exercicios das fichas propostas por min que traballen contidos das unidades ou ben outros de repaso de contidos esenciais da etapa serán corrixidos no encerado e serán os alumnos os que deberán prestar atención ás explicacións e correccións e modificar nos seus cadernos os exercicios que non se realizaron correctamente para que poidan aprender dos seus erros. Son da opinión que a acción leva ao coñecemento, se nos dan todo feito nunca aprenderemos. Periódicamente revisarei as tarefas das libretas e os contidos copiados nas mesmas para observar que estén feitas e valorar a presentación á que confiro

gran importancia. Á saída deberán anotar as tarefas inacabadas ou de estudo nas axendas, así como gardar nas mochilas as libretas coas fichas pegadas e levar os portátiles para estudar ou traballar na casa se así se dispón.

#### Organización dos tempos:

Evidentemente a lexislación vixente establece uns tempos mínimos para cada unha das áreas de aprendizaxe do currículo, que empregamos como marco de referencia cando se elabora o horario xeral acorde coa súa óptima temporización, pero na actividade docente temos que ser conscientes das posibles variables que poden afectar a este plan e de que se debe ser flexible para axustarse ás circunstancias ou necesidades do grupo. O mesmo ocorre coa temporalización proposta na programación de aula para o desenvolvemento dos obxectivos e demais elementos plantexados nesta, debido entre outros factores, ás necesidades ou circunstancias do grupo ou ben de preparación de actividades propostas polo Centro Escolar, por iso as temporalizacións e desenvolvemento de contidos da área poderían flexibilizarse.

Os tempos previstos nas programacións das áreas e mesmo o tratamento dos contidos e actividades dos libros poden verse afectados: o repaso e a realización das probas oportunas ao longo do curso, que poden requirir máis tempo para a súa realización, as titorías cos alumnos e alumnas para solventar calquer conflito ou comportamento disruptivo e as mesmas celebracións e actividades do Centro Escolar tamén poderán modificarán os tempos e mesmo contidos propostos das áreas...Este ano escolar, por exemplo, non se sabe se o alumnado poderá dispor dos seus portátiles antes da primeira semana de outubro.

#### Tarefas suplementarias:

Poderei ou non encomendar tarefas suplementarias fora da xornada escolar, dependendo do que estime oportuno, para afondar ou reforzar algunha das áreas ou ben para fomentar hábitos de traballo e responsabilidade. Non serán tarefas á carta e responderán a unha necesidade real. Decidirei a conveniencia ou non en base ao momento e ás características e necesidades do grupo. Terei en conta que os nenos e nenas deben dispor de tempo para o descanso, o xogo e a convivencia no fogar, polo que en caso de que determine a súa conveniencia, haberá días nos que non farán tarefas suplementarias. A diario mandarei tarefas de estudo do que vimos ese día na clase, repasar os exercizos da lección dada no portatil ou algunha tarefa da clase inacabada ou actividade que requira máis tempo de elaboración. Tamén encomendarei eventualmente a realización de fichas que sirvan para repasar contidos da unidade que estamos vendo ou ben outras de repaso de contidos da etapa que considero esenciais. Con carácter transitorio e excepcional se poderán asignar tarefas máis intensas a determinados alumnos/as que por ausencia prolongada ou ben baixo rendemento na clase non seguen o ritmo normal de traballo no Centro e deberán completar a súa tarefa diaria na casa se no colexio non o fan.

#### Acción titorial:

Poderei manter titorías individuais periódicas ao longo do curso, vía telefónica ou presencial tanto cando as familias o soliciten como cando eu coma mestra estime oportuno que son necesarias, para tratar temas como o grao de integración do alumno/a dentro do grupo, o rendemento escolar, disciplina, e analizar a situación persoal e académica do alumno para tratar de solventar a situación conxunta e coordinadamente.

O día de titorías do Centro son os martes pola tarde, antes das reunións de profesorado. As familias poden solicitarme persoalmente información da miña área en entrevistas individuais comigo e viceversa para tratar temas relacionados coa asignatura que imparto.

Se desexan solicitar unha titoría sempre se me comunicará mediante a axenda do neno ou nena, coa suficiente antelación e expoñendo os temas a tratar en dita reunión, (seguimento xeral do/a alumno/a, interese na súa evolución académica etc.) debido a que podería xa ter na axenda programadas outras titorías e ademais así, ter o tempo suficiente para recabar información o máis actual posible sobre a situación do alumno na área e a súa evolución, e así dar cumprida satisfacción ás necesidades.

Comunicarei o meu interese en manter unha titoría individual cun pai ou nai mediante unha nota na axenda (ou unha chamada á familia) na que constará a data e hora propostas, que haberá que devolver en todo caso firmada, no caso de non poder asistir, a circular se devolverá firmada adxuntando unha nota expoñendo se é posible os motivos polos que non se pode acceder a manter esa titoría e procurarei emprazarlle a unha nova data e hora que sexan axeitadas para todos.

Unha vez realizada a titoría o pai/nai/titor legal, deberá firmar a fe de asistencia, na que se recollerán os temas tratados e os acordos acadados, ademais da data e hora de celebración da reunión.

Sempre alentarei ás familias, a axudar aos mestres apoiándonos na nosa práctica, comunicándose con nós para buscar solucións, aclarar dúbidas, etc. Coma profesional da docencia, son da opinión que moitos dos problemas de convivencia que se poden dar nun Centro Escolar, están baseados no descoñecemento e a desinformación e se poden solventar mediante a comunicación e o diálogo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
E-DIXGAL

Neste curso empregaremos a plataforma dixital E-DIXGAL, para achegar aos nenos e nenas o aprendizaxe do inglés empregando un recurso tan atractivo como son as ferramentas tecnolóxicas e os entornos virtuais de aprendizaxe en substitución dos libros de texto. Tamén empregaremos libretas e fichas como materiais complementarios.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos e alumnas son os seus coñecementos previos, por este motivo adicarei unha certa cantidade de tempo ao comezo do curso en setembro para realizar as avaliacións iniciais, determinar cales son os contidos que non quedaron asimilados de cursos anteriores, e que considero son necesarios para un correcto desenvolvemento do curso actual e para a explicación e repaso dos mesmos. As probas serán escritas e tamén orais para detectar todas as necesidades.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	0	50	50	50	50	50	<b>48</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	100	50	50	50	50	50	<b>52</b>

### Criterios de cualificación:

Para poder determinar o logro dos obxectivos propostos e a superación dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, empregarei os seguintes procedementos e criterios:

- Observación directa do traballo diario na aula. 30%
  - Realiza as tarefas propostas na aula.
  - Responde correctamente as cuestións plantexadas nas distintas áreas.
  - Utiliza axeitadamente, organiza e coida o material escolar.
  - Presentación dos libros e cadernos.
  - Outros.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. 50%
  - Supera probas estandarizadas escritas e orais.
  - Traballos/proxectos se se estima oportuno.



3. Realización do traballo na casa (estudo,tarefas e traballos específicos). 10 %

4. Valoración de actitudes na aula (anotacións). 10%

-Escoita

-Esforzo

-Compórtase axeitadamente e cunha actitude correcta cara o profesor/compañeiros no centro.

-Participación e colaboración

-Outros.

Instrumentos:

- Observación da unidade.

- Tarefas diarias.

- Probas estandarizadas: Controis ao final de cada unidade das áreas.Pódese valorar a posibilidade de espaciar as probas ou facer unha global trimestral se estimo oportuno baixo o meu criterio coma docente que é demasiado volume de exames para os nenos e nenas da clase. Non haberá probas de recuperación dado o carácter de avaliación continua.

- Outros documentos gráficos ou textuais, se os houbese.

- Proxectos persoais e grupais se os houbese.

- Terei en conta a participación nas actividades, a actitude ante o traballo propio, a asignatura, a mestra e os demais compañeiros e comportamento. Rexistrarei positivos e negativos na miña libreta de avaliación.

Os resultados da avaliación expresaranse nos seguintes termos: Insuficiente (IN-1,2,3,4), Suficiente (SU-5), Ben (Be-6), Notable (NT-7,8) e Sobresainte(SB-9,10);considerando como cualificación negativa o Insuficiente e como positivas todas as demais.

O Insuficiente corresponde a aquela situación na que se consideran non alcanzados os contidos mínimos e non superados os criterios mínimos de avaliación;polo tanto non se avanzou no desenvolvemento das competencias básicas o axeitado ao período avaliado.

O Suficiente aplicarase naquela situación na que aínda que o/a alumno/a alcanza os contidos mínimos e supera os criterios mínimos de avaliación, considérase que o fixo de forma tal que é necesario un traballo máis intenso de cara ao desenvolvemento adecuado das competencias básicas.

O termo Ben corresponde a aqueles/as alumnos/as que adquiriron de forma axeitada os contidos mínimos, superando os criterios mínimos de avaliación e alcanzando o desenvolvemento formulado nas competencias básicas.

O Notable corresponde á situacións nas que se afondou en contidos e se alcanzou un desenvolvemento notable, con respecto ao establecido, nas competencias básicas.

O termo de Sobresainte aplícase a aquelas situacións nas que o/a alumno/a ademais de adquirir os contidos mínimos afondou e ampliou nestes de forma que o desenvolvemento das competencias básicas se sitúa moi por enriba do establecido para o período ao que se fai referencia.

### **Criterios de recuperación:**

Non haberá probas de recuperación dado o carácter de avaliación continua. A avaliación anterior quedará aprobada se se supera a seguinte, o mesmo acontece coa materia do curso pasado, que se é superada o curso actual quedará automáticamente aprobada. Aplicaranse medidas de reforzo e recuperación de aprendizaxes non acadados polo alumnado que presente dificultades. Se reforzarán mediante o emprego recorrente dos criterios de avaliación nas diferentes unidades da programación, permitindo a avaliación continua e global da área, conforme aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o meu proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran. A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. Considerarei o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Estes erros corríxanse automáticamente polo programa EVA E-DIXGALou pola profesora ao finalizar as

interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo.

O proxecto parte do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe. O emprego da plataforma E-Dixgal como recurso educativo axuda moitísimo ao ser tan visual e interactivo a que os nenos que teñen algunha dificultade na área a poidan superar.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e Tic	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade e do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Esta programación toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Ao tratarse do estudo dunha lingua vai a estar directamente ligada á comprensión lectora, a expresión oral e escrita e ao fomento da creatividade. O curso está integrado dentro do proxecto E-Dixgal co que a aplicación das TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe é indiscutible. A educación para a saúde tocarase na meirande parte das unidades, en especial na que se traballarán os deportes, as viaxes, as actividades de tempo libre e a alimentación saudable. E por último, a educación emocional e en valores, ao que esta área contribúe significativamente xa que persegue a interculturalidade e as actitudes de entendemento, comunicación e respecto por todos e todas as persoas de calquera nacionalidade.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween	Realizaremos as tarefas propostas da unidade de Halloween, para aprender o vocabulario relacionado coa celebración e aprender máis sobre a orixe da mesma.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Valentine's Day	Realización de postais en inglés.		X	
Easter	Confección de ovos e coelliños de Pascua, xogos e outras actividades.		X	

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Conseguido
Metodoloxía empregada
Parcialmente conseguido
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Non conseguido

#### Descrición:

Os elementos a avaliar son os seguintes:

1. Programación didáctica.
2. Plans de mellora.
3. Medidas de atención á diversidade.
4. Temas transversais.
5. Programa de recuperación.
6. Obxectivos da materia.
7. Práctica docente.
8. Programas de mellora para a práctica docente.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento será continuo ao longo das tres avaliacións do curso. Empregarei como instrumento un diario de clase no que recollerei os aspectos máis importantes da miña práctica educativa, que quedarán recollidos nunha memoria final de curso xunto coas propostas de mellora en base aos resultados obtidos.

## 9. Outros apartados